



Reclamante:   
Expediente. Nº **RSCTG 70/2022**

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por , mediante escrito do 28 de febreiro de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 31 de maio de 2022, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 5 de abril de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada ante o Concello de Vigo, de acceso a copia da dilixencia, resolución ou documento relativo ás aprobacións, rectificacións e comprobacións do Inventario municipal de bens do Concello levadas a cabo desde o ano 2012 a 2021, e copia das actas do Pleno da Corporación Local desde o ano 2012 a 2021 nas que se adoptou o acordo de aprobación, rectificación ou comprobación do inventario municipal de bens.

A reclamante indicaba que solicitou información en relación ao cumprimento da legalidade vixente respecto do inventario de bens municipal, concretamente ao cumprimento dos trámites e requisitos que esixe o Regulamento de Bens das entidades locais, sen recibir contestación algunha.

Con data do 20 de abril de 2022, a interesada remite escrito no que comunica que o Concello de Vigo, requiriulle para que aclare a súa solicitude, alegando que a solicitude formulada abarca a revisión das actas desde o anos 2012 ao 2021.

Considera que o requirimento non é máis que unha forma de dilatar a contestación á súa solicitude posto que as dilixencias que reflicten as actas de aprobación, rectificación ou comprobación do inventario municipal de bens deben constar unidas no propio inventario municipal de bens, ou no seu caso, no expediente administrativo que para o efecto figure no departamento de Patrimonio do Concello de Vigo, e no que se recollan todas as vicisitudes relativa ao devandito inventario, polo que non é o cidadán o que ten que sinalar os documentos no que a administración municipal dea cumprimento ao que vén obrigado pola Lei.

**Segundo.** Con data do 11 de abril de 2022 déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante ao Concello de Vigo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 13 de abril de 2022.

Con data do 21 de abril de 2022, remitíuselle ao Concello o escrito remitido pola interesada con data do 20 de abril de 2022.

**Terceiro.** Con data do 26 de abril de 2022 o Concello de Vigo contesta a petición remitindo informe sobre a reclamación presentada.

Neste informe, en resumo, indícase que a interesada solicitou acceso a copia da dilixencia, resolución ou documento relativo ás aprobacións, rectificacións e comprobacións do Inventario municipal de bens do Concello de Vigo levadas a cabo desde o ano 2012 a 2021 e no seu caso, informe relativo á inexistencia dos devanditos documentos e copia das actas do Pleno da Corporación Local nas que se adoptaron acordos nese senso.

En informe do 25 de marzo de 2022, o servizo de Patrimonio sinala que xa se ten facilitada en diversas ocasións á información sobre o IMBD e o estado dos traballos de revisión e actualización deste que se levan a cabo na actualidade. Os acordos ou resolucións que na tramitación de expedientes polos distintos servizos municipais, no período interesado, puideron dar lugar a unha actuación puntual sobre determinados datos do IMBD (alta/baixa/rectificación), figurarán nos libros de actas dos órganos de goberno municipal que constan na secretaría municipal, actas que están dispoñibles para a súa consulta no portal de transparencia do Concello.

En data 18.04.2022 a través do rexistro electrónico municipal requiriuse ao abeiro do artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e a vista da amplitude da solicitude que concretase a información solicitada.

Indica que no expediente de reclamación [REDACTED], xa se informou á reclamante e facilitóuselle o acceso os datos que, sobre determinadas vías da rúa Milladas constan no inventario.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no

ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello de Vigo non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

A interesada solicitou o acceso á documentación administrativa existente no Concello sobre as modificacións do Inventario municipal de bens do Concello nos anos 2012 a 2021, e ás actas do Pleno nas que se adoptasen os ditos acordos, documentos que deben constar unidas no propio inventario municipal de bens, ou no seu caso, no expediente administrativo que para o efecto figure no departamento de Patrimonio do Concello de Vigo, polo que non é o cidadán o que ten que sinalar os documentos no que a administración municipal dea cumprimento ao que vén obrigado pola Lei.

O Concello no informe remitido, non nega que esa documentación administrativa deba constar no propio inventario municipal.

Carece de relevancia neste expediente o informe do servizo de Patrimonio ao que fai referencia o informe do Concello, no que se sinala que xa se ten facilitada en diversas ocasións a información sobre estado dos traballos de revisión e actualización do inventario, xa que o contido da solicitude refírese ás modificacións, actualizacións e rectificacións que se fixeron, non as que se están a facer na actualidade.

Non pode por outra banda admitirse como pretende o Concello, que a interesada revise as actas dos órganos de goberno municipal no portal de transparencia na busca de aqueles nos se adoptou algún acordo sobre o inventario. Si os acordos, como é o lóxico, constan no propio inventario municipal de bens, deben proporcionárselle á interesada polo concello. En caso de non ser así, a resolución que se dite, debe indicar o *link* concreto para acceder directamente á información, xa que se ben o artigo 22.3 da Lei 19/2013, establece que se a información xa foi publicada, a resolución que resolva a solicitude de acceso poderá limitarse a indicar como pode accederse a ela, como establece o criterio interpretativo 9/2015, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, en ningún caso é suficiente unicamente a remisión xenérica a portal ou á sede ou páxina web, senón que é necesario que se concrete sinalando expresamente o link que accede á información e, dentro deste, os epígrafes, capítulos, datos e informacións exactas que se refiran ao solicitado, sendo requisito que a remisión sexa

precisa e concreta e leve, de forma inequívoca, rápida e directa á información sen necesidade de requisitos previos, nin de sucesivas procuras.

Por tanto, o órgano reclamado pode elixir entre ofrecer a información solicitada por vía do exercicio de dereito de acceso exposto, ou ofrecer o link ou ligazón exacta que ofrezca de forma directa a información de que se trate.

Por outra banda, non pode considerarse acorde coa normativa en materia de transparencia o requirimento remitido á interesada de que concrete a información solicitada por considerar que a mesma é moi ampla, xa que na súa solicitude, concreta perfectamente a documentación á que solicita o acceso. Se a dificultade do Concello é localizar a información da que afirma que figura na súa web, debería terse ditada resolución de ampliación do prazo para resolver, de acordo co disposto no artigo 20 da Lei 19/2013, motivándoo adecuadamente xustificando no volume ou complexidade da información que se solicita, comunicándollo á interesada.

Por último, respecto da información que se lle proporcionou á interesada no expediente de reclamación desta Comisión (██████████), dado que a información solicitada nese expediente non é a mesma que no presente, non pode considerarse como causa de denegación da mesma, como parece deducirse do informe do concello.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## ACORDA

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por ██████████ contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada ante o Concello de Vigo, de acceso a copia da documentación administrativa aprobación, rectificación e comprobación do Inventario municipal de bens do Concello levadas a cabo nos anos 2012 a 2021, e copia das actas do Pleno nas que se adoptaron os ditos acordos.

**Segundo:** Instar a Concello de Vigo, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Concello de Vigo, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA DOLORES

FERNANDEZ (R: S6500009C)

Fecha: 2022.06.08 11:50:13 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

**Presidenta da Comisión da Transparencia.**